ABRIL 2017

LUGH

NO PANTEÓN CELTA DE BREOGÁN

O SOÑO DE JUANITO

CANDELAS

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

Compartimos o seu soño

Juanito é un pequeno seareiro do Breogán. Non falla no Pazo cada vez que o seu equipo xoga na casa, como moitos outros. Non importa o rival, da igual o resultado. Juanito sempre é dos primeiros que saltan ao parqué para estar preto dos seus ídolos, para pedir o seu autógrafo, para felicitalos en caso de vitoria e para animalos en caso de derrota.

Juanito é como moitos outros seareiros que, pequenos ou maiores, viven con ilusión o soño celeste. Cal é ese soño? Pois uns dirán que retornar á máxima categoría. Outros dirán que seguir moitos anos gozando deste xeito de vivir que é o breoganismo.

Este neno non viviu a ACB no Pazo. Leva toda a súa vida seguindo ao Breo en LEB. Pero iso non lle impide soñar.

O Breoganismo acadou nestas últimas tempadas algo único: combinar as gañas enormes de regresar daqueles que o viviron, coas ilusións dos que están comezando a soñar. Ás veces os soños resúmense en gozar, en querer ser como eles, en ter as sinaturas dos teus ídolos, o seu sorriso ou seu saúdo. Ás veces resúmense en querer que isto non remate nunca, sexa con derrotas ou con vitorias.

O Real Madrid apela moitas veces ao famoso espírito do «seu» Juanito. Nós, temos o soño do «noso» Juanito: O neno que, vestido de celeste, vive con ilusión cada instante de breoganismo e simboliza os soños de todos os que viven o Breo.

Soñar. Cada un ao seu xeito. Tras 50 anos, o soño continúa.

MATT STAINBROOK

XOGADOR DA AFECCIÓN

As catro peñas celestes e a afección emitiron o seu voto. Matt Stainbrook recolleu o seu galardón como xogador Julio Vila da afección. Un premio para un xogador carismático e querido pola grada e que encarna os valores de esforzo do breoganismo.

Nesta tempada practicamente tódolos membros do plantel poderían levar recoñecemento polo seu traballo. Pero foi o gran Matt o que levantou o premio no derradeiro partido de liga regular no Pazo.

O norteamericano expresou a súa ledicia polo recoñecemento. No seu Twitter afirmou sentirse honrado.

Representantes das catro peñas, acompañados polo fillo de Julio Vila, entregaron un trofeo elaborado nos talleres de ASPNAIS.

Matt entra na selecta lista que conta con Matulionis e Pep Ortega, premiados en edicións anteriores.

Seguro que o lembrado Julio aplaudiu a decisión dende alá arriba.

Os coles e a base fan equipo

Grazas ao patrocinio da Deputación de Lugo e de Caixa Rural centos de escolares e equipos de base de diversos puntos da provincia de Lugo xa gozaron na grada do Pazo dos Deportes dalgún partido do Cafés Candelas Breogán.

Escolares de Sarria, Taboada, Becerreá, Ribadeo, Rábade, Paradela, Guitiriz ou Riotorto animaron ao Breo, e tamén chegaron dende centros de fora da provincia como Melide, Arzúa, O Bierzo...

Nesta iniciativa a implicación de Caixa Rural é fundamental. Este patrocinador, que leva 50 de historia, moi paralela á do Breo, leva tamén boa parte da súa historia colaborando co club tanto a nivel publicitario como en apoio social, impulsando iniciativas como o transporte de escolares a partidos do Breo.

Pola súa banda, a Deputación de Lugo facilita as entradas a tódolos grupos que chegan da provincia para que o acceso ao deporte de elite como espectadores sexa de balde para os máis novos.

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO



Ata sempre coach

O Pazo lembrou a Pablo Casado nun emotivo minuto de silencio. Foi o xeito de homenaxear a un dos adestradores históricos do club

Pablo Casado falecía aos 73 anos de idade en terras canarias o pasado día 28 de marzo, poucas horas antes da celebración do partido aprazado entre Cafés Candelas Breogán e Calzados Robusta. Nos prolegómenos do choque gardouse un emotivo minuto de silencio por un adestrador que dirixiu ao Breogán na tempada na que o equipo celeste xogou a Copa Korac, acadando resultados destacables tamén na competición doméstica.

Pablo Casado quedará sempre na memoria da historia celeste.

Na procura de sorrisos

O Cafés Candelas visitou a área de pediatría do Hospital Universitario Lucus Augusti

Os xogadores Sergi Quintela, Rafa Huertas, Iván Cruz e o técnico Quique Fraga visitaron planta onde se atopan ingresados os nenos e nenas de pediatría. Alí pasaron parte dunha mañá onde saudaron e animaron a pais e pequenos, deixaron un pequeno agasallo e acadaron debuxar un sorriso nas facianas de nenos e familiares. Tamén saudaron ao persoal, con quen tiveron oportunidade de charlar uns minutos.

O equipo xa realizou a súa tradicional visita esta tempada en datas de Nadal, pero quixo repetir pensando naqueles nenos que, por causas diversas, non poderán gozar das vacacións de Semana Santa, desexáronlles unha pronta recuperación entregándolle cadanseu pequeno balón de baloncesto e encargándolles estrealo cando chegue unha máis que segura e pronta recuperación.

Grazas ao persoal do HULA polo recibimento e polo seu traballo. Fan un grandísimo equipo!

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

Compartimos pista?

Grupos de escolares, campamentos e asociacións pasan polo Pazo para gozar uns minutos cos xogadores e técnicos do Cafés Candelas

O Breo recibe cada semana visitas especiais no seu lugar de traballo. A pista do Pazo, onde xogan e adestran os profesionais da canastra, serve tamén de espazo de xogo e de tertulia cos fans que se achegan de visita.

Coñecer un pouco mellor o equipo, e o seu xeito de traballar, así como a instalación onde se desenvolve o día a día dun equipo profesional, forma parte desta especial excursión.

Nenos e nenas comparten pista uns minutos, xogan, piden autógrafos e fotos e tamén coñecen, por exemplo, a sala de prensa onde comparecen habitualmente xogadores e técnicos ante os medios de comunicación. Alí, os máis pequenos, tamén soñan con ser as estrelas do futuro.

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

A forza de Germán

Meses atrás, a Germán Macía, Garda Civil de Monforte de 46 anos, lle diagnosticaban ELA. Unha doenza neurodexenerativa que afronta cunha fortaleza admirable.

Germán recibiu numerosas mostras de cariño, como unha sentida homenaxe levada a cabo polos seus compañeiros da Garda Civil. Nesa reunión, Germán «ordenou» aos seus compañeiros e a todos aqueles que lle amosaron o seu apoio que non o miren con tristeza. A súa enteireza é admirable e o seu caso foi coñecido polo corpo técnico e xogadores do CB Breogán que non dubidaron en enviarlle unha mensaxe en vídeo e unha camiseta do 50 aniversario celeste asinada cunha mensaxe de forza para un loitador como é Germán.

Sabemos que Germán seguirá afrontando este difícil partido que a vida lle puxo no camiño con toda a forza que transmite.

#ForzaGermán!

Lezkano, Matt e Lobito, visitaron San Paio de Narla

Os breoganistas coñeceron o Museo Fortaleza situado en Friol e pertencente á Rede Museística da Deputación Provincial de Lugo

O Breogán estivo en Friol. Durante a mañá, Lobito Fernández e Matt Stainbrook visitaron o colexio público da localidade e participaron nun proxecto conxunto coa Rede Museística que procura a difusión do patrimonio entre público de tódalas idades.

Posteriormente, acompañados polo adestrador Natxo Lezkano, e coa axuda da xerente da Rede Museística, Encarna Lago, e o persoal do museo, visitaron a Fortaleza de San Paio de Narla. Un enclave museístico e patrimonial moi recomendable para coñecer mellor a vida en Galicia no pasado.

Os primeiros documentos que fan referencia á primitiva Torre de Xiá son do século XIV, aínda que con motivo das Revoltas Irmandiñas a Fortaleza vese moi afectada e no XVI ten que ser reconstruída. O actual edificio está composto por elementos que abarcan do século XVI ó XIX, aínda que reaproveitando materiais medievais.

O Museo está composto por tres corpos (Torre da Homenaxe, corpo central e torreón) e unha capela exterior.

Deporte, empresa, investigación e innovación, de aquí

Lugo calidade

O Cafés Candelas Breogán coñeceu o proceso de elaboración do novo ÉBO sen lactosa desenvolvido no Aula de Productos Lácteos do Campus Terra

O cadro de xogadores do Club Baloncesto Breogán encabezado polo seu presidente, Jesús Lázare, visitou este martes a Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias do Campus Terra da USC para participar nunha degustación da gama de cafés Ébo, un produto que a APLTA ven de desenvolver para Cafés Candelas

O vicerreitor de Coordinación do campus de Lugo, Javier Bueno Lema, e o director da APLTA, Enrique Arbones, guiaron ao equipo de baloncesto durante a súa visita pola plataforma tecnolóxica do Campus Terra. A continuación, a responsable de Comunicación de Cafés Candelas, Reyes Vidal, presentou os distintos tipos de café da gama Ébo aos xogadores, facendo especial fincapé no último produto que veñen de sacar ao mercado, unha variedade de café latte sen lactosa, azucres engadidos e cero por cento de materia graxa.

Cafés Candelas amplía a súa gama de café frío con Ébo sen Lactosa, 0% materia graxa e sen azucres engadidos

A compañía lucense reforza o seu compromiso coas necesidades do consumidor máis esixente desenvolvendo un novo produto de alta gama saudable, apto para intolerantes á lactosa e nun formato on-the-go que atende a demanda dos amantes do café máis dinámicos.

Cafés Candelas atópase en pleno lanzamento dunha nova bebida dentro da súa gama Ébo de cafés ready to drink. Ébo sen Lactosa é froito da aposta da compañía pola innovación para atender as necesidades do novo consumidor cos máis altos estándares de calidade. Para iso colaborou de novo coa aula de Produtos Lácteos do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un produto saudable que preserve as características de sabor dos cafés Candeas.

Ébo sen Lactosa está elaborado con café 100% arábica e con leite desnatado sen lactosa. Ademais, non conta con azucres engadidos e é 0%MG. Ébo sen Lactosa evidencia o compromiso de CAFÉS Candelas para ofrecer produtos saudables de alta calidade e por atender a demanda dun consumidor cada vez máis concienciado coa importancia da alimentación á hora de gozar dunha vida sa.

A aposta de Cafés Candelas responde a unha tendencia do mercado ao redor da saúde e ao segmento de «produtos sin». Diversos estudos estiman que o 34% da poboación española é intolerante á lactosa, unha circunstancia que cada vez ten maior prevalencia. Ofrecer un café de calidade e os beneficios do leite fresco sen os seus prexuízos foi o obxectivo que se marcou Cafés Candelas, e para iso apostou pola innovación man a man cos especialistas da USC.

CAMPUS TERRA

CANDELAS

C.B. Breogán S.A.D.

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

Recoñecemento ao esforzo

Tres deportistas lucenses recibiron o aplauso do Pazo polos seus éxitos en diversas disciplinas

Foron o atleta lucense Carlos Álvarez Nieto, subcampión de España cadete en probas combinadas de atletismo, Abel Núñez, un deportista de ASPNAIS que trae a Lugo dúas medallas de ouro nas probas adaptadas dos Xogos Mundiais de Inverno Special Olimpics (Abel gañou as probas de 25 e 50 m. de carreira con raquetas en neve) , e o nadador Mauro Rodríguez, que levou dúas medallas no recente campionato de España de Natación, cun ouro en 200 m. mariposa e prata en 400 m. libres.

Os tres recibiron de mans do presidente do Breogán, Jesús Lázare, unha camiseta conmemorativa dos 50 anos de Breogán e o máis importante: un aplauso unánime do Pazo que non so recoñece as medallas e éxitos nas competicións, senón o esforzo diario para a superación de retos. Un exemplo e unha inspiración para todos.

instaBREO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
DDDDDD
Lugo cambia
DEPUTACIÓN DE LUGO

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO